

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 107 - Informática
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS DO TRIBUNAL 1 INFORMÁTICA

DATA PUBLICACIÓN: [13/06/2021]

PARA TODAS AS QUENDAS:

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

Avaliarase a aptitude pedagóxica dos opositores e opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente.

Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

As probas poderán realizarse en galego ou castelán.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA (E, D e L)

O exame práctico (parte A) consistirá no desenvolvemento dunha opción de dúas plantexadas polo tribunal. Cada unha das opcións consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes: algoritmia e linguaxes, bases de datos, enxeñaría de software, redes e comunicación.

No tema (parte B) avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido polo/a aspirante de entre cinco sorteados do temario.

É imprescindible alcanzar o 25% da puntuación máxima de cada unha destas partes para superar a primeira proba. A nota desta primeira proba será conxunta, sendo necesario acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 60% para o práctico (parte A) e 40% para o tema (parte B).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PARTE A DA PRIMEIRA PROBA (E, D e L)

Demostrar os coñecementos específicos da especialidade.

Realizar as simulacións e/ou resolver os exercicios e supostos de forma lóxica, coherente e eficiente, mantendo unha presentación clara e concisa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PARTE B DA PRIMEIRA PROBA (E, D e L)

Demostrar os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios do tema elixido pola persoa opositora, atendendo a:

Expoñer o tema cunha estrutura coherente e unha presentación organizada.

Empregar unha adecuada expresión escrita, correcta ortografía, así como pulcritude na presentación.

Amosar dominio da terminoloxía da especialidade e usar coñecementos actualizados.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA (D e L)

Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.

Na programación avaliarase a pertinencia da contextualización e concreción de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía, temporalización, materiais e recursos a empregar, criterios de avaliación e cualificación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, así como a atención ao alumnado con NEAE. Asemade avaliarase a proposta de avaliación da propia programación.

Na unidade didáctica avaliarase a pertinencia de obxectivos de aprendizaxe, contidos a desenvolver e metodoloxía empregada, actividades de ensinanza-aprendizaxe, procedementos de avaliación e cualificación e propostas de atención á diversidade.

A nota desta segunda proba será conxunta, sendo preciso acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 40% a programación e 60% a unidade didáctica.

Avaliarase a calidade expositiva e a expresión oral.

As programacións serán avaliadas consonte aos currículos aprobados polas normas que se mencionan na base 13.4 da orde do 24 de febreiro.

Cando se cite a orde de calendario, a que se considerará será a do curso 20/21.